# O modelo experimental de FP dual en Galicia

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

## FP dual en Galicia
### Introdución

- Enténdese como o conxunto das accións e iniciativas formativas mixtas de emprego e formación.
- No sistema educativo de Galicia, implántase como unha modalidade de formación profesional do réxime para as persoas adultas.

# FP dual

- **Finalidade**

  Cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo

- **Dirixida a**

  Persoas entre 18 e 29 anos




galicia

XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Introdución

- A formación profesional dual combina:
  - **Formación curricular** compartida entre centro educativo e empresa.
  - **Actividade profesionalizadora** que desenvolverá o alumnado na empresa.
  - **Formación complementaria** á establecida no currículo do ciclo formativo para reforzar a formación do alumnado atendendo ás características da empresa.

galicia

XUNTA DE GALICIA

## Formación e emprego
Modelo tradicional

- No modelo tradicional estas tres compoñentes están afastadas no tempo. As persoas fórmanse no sistema educativo e posteriormente incorpóranse ao mercado de traballo onde mediante formación para o emprego se adapta as necesidades cambiantes do mundo laboral

Centro educativo | Emprego

Intervalo sen formación e sen traballo

galicia | XUNTA DE GALICIA

## Formación e emprego
Transición

- É necesario modificar transición entre a FP no ámbito educativo e a incorporación ao emprego.
  - Conseguir que non haxa rotura entre a finalización da formación profesional e a incorporación ao mundo laboral.

Formarse …… traballando

galicia | XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Características

- Os proxectos toman como referencia os currículos oficiais implantados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Duración máxima de tres anos.
- Número de alumnado participante:
  - Entre 15 e 20 alumnos/as por ciclo formativo.

# FP dual en Galicia
## Características



## FP dual en Galicia
## Requisitos das persoas destinatarias

- Ter entre dezaoito e vinte e nove anos no momento de inicio do programa formativo.
- Carecer da cualificación profesional requerida para contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado un contrato para a formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.
- Non ter superado ningún módulo do ciclo, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
## Admisión

**Primeira fase**

- Os candidatos presentan a súa solicitude.
- Os centros comproban os requisitos académicos e publican unha listaxe cos que cumpren cos requisitos.

**Segunda fase**

- A empresa colaborará coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na selección do alumnado.

**Terceira fase (caso de contratos)**

- A empresa colaborará coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na selección do alumnado.

galicia

XUNTA DE GALICIA

# O modelo experimental de FP dual en Galicia

## Tipos de proxectos de FP dual

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
Proxectos de FP dual

- Hai dous tipos de proxectos de FP dual
  - Por contrato de formación e aprendizaxe
    - Vinculación laboral: o alumnado será un traballador máis da empresa para todos os efectos.
    - O alumnado percibirá o retribución establecida no convenio colectivo correspondente, en proporción ao tempo de traballo efectivo.
  - Por bolsa
    - Non existe vinculación laboral entre o alumnado e a empresa.
    - O alumnado será beneficiario dunha bolsa durante a súa participación no proxecto.

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
### Vantaxes para as empresas

- Maior formación específica do alumnado nos procesos produtivos específicos da empresa.
  - Formación complementaria que se adquire na empresa e que non ten o alumnado procedente do sistema tradicional de formación.
- Redución dos custos laborais mediante a progresiva adaptación salarial a medida que o alumnado adquire competencias profesionais e aumenta a súa produtividade.



## FP dual en Galicia
### Vantaxes para as empresas

- Supresión do inevitable período de adaptación ao contorno produtivo da empresa que necesitaría calquera persoa.
  - Finalizado o período de formación, o alumnado estará perfectamente integrado na dinámica produtiva da empresa e ofrecerá unha produtividade moi superior á do proveniente doutras modalidades formativas.

galicia
XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
### Vantaxes para as empresas

- Proxectos tipo contrato de formación e aprendizaxe
  - As empresas que contraten persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego cun contrato para a formación e a aprendizaxe terán dereito, durante toda a vixencia do contrato, incluídas as prórrogas, a unha redución das cotas empresariais á Seguridade Social.
    - Do 100 % se o contrato se realiza por empresas cuxo cadro de persoal sexa inferior a 250 persoas.
    - Do 75 %, no suposto de que a empresa teña un cadro igual ou superior a esa cifra.



## FP dual en Galicia
### Vantaxes para as empresas

- Proxectos tipo contrato de formación e aprendizaxe
  - As empresas que, á finalización da súa duración inicial ou prorrogada, transformen en contratos indefinidos os contratos para a formación e a aprendizaxe, terán dereito a unha redución na cota empresarial á Seguridade Social de 1.500 euros/ano, durante tres anos. No caso de mulleres, esa redución será de 1.800 euros/ano.

# FP dual en Galicia
## Vantaxes para as empresas

- Proxectos tipo bolsa
  - A cotización ao réxime xeral da Seguridade Social polas bolsas realízase de xeito reducido.
    - Por cotinxencias comúns, accidentes de traballo, doenzas profesionais, desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional.
    - Non existe obriga de cotizar por:
      - Continxencia de desemprego.
      - Fondo de Garantía Salarial.
      - Formación profesional.



# FP dual en Galicia
## Vantaxes para as empresas

- Proxectos tipo bolsa
  - O financiamento das bolsa a través de entidades colaboradoras da lugar as seguintes vantaxes fiscais:
    - Persoas físicas (empresarios individuais)
      - Deducción do 25 % do importe da achega (base da deducción) na cota íntegra do IRPF.
    - Persoas xurídicas (sociedades)
      - Deducción do 35 % do importe da achega no imposto de sociedades.
      - A base de deducción non pode superar o 10 % da base imponible do imposto de sociedades.

## FP dual en Galicia
### Vantaxes para as empresas

- Proxectos tipo bolsa
  - Opción de xestión da bolsa con FEUGA
    - A empresa, en virtude do protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA, adquirirá o estatus de entidade colaboradora do Programa de Bolsas Formación Profesional Dual (PBFPd) de FEUGA.

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
### Vantaxes para o alumnado

- O alumnado percibe unha remuneración.
- A remuneración poderá ir aumentando cada ano á medida que aumenta a súa competencia profesional.
- Maior facilidade para a súa integración no mercado laboral mediante a adquisición dunha titulación de formación profesional de xeito simultáneo á súa integración nos procesos produtivos da empresa.

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
### Vantaxes para o alumnado

- Partirá con vantaxes respecto aos demais titulados en formación profesional á hora de ser contratado por calquera empresa, debido a que logo de finalizado o seu período de formación non requirirá adaptación ao mundo produtivo.
- Experiencia laboral.
- Redución do 100 % das cotas dos traballadores á Seguridade Social durante todo o seu período de formación.



## FP dual en Galicia
### Vantaxes para o alumnado

- Os proxectos tipo contrato de formación e aprendizaxe ofrecen, ademáis, as seguintes vantaxes:
  - Antigüedade na empresa.
  - Maiores posibilidades de acceso a un contrato indefinido na empresa na que se formou debido á redución na cota empresarial á Seguridade Social da que podería beneficiarse a empresa.

galicia
XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
### Vantaxes para o alumnado

- Proxectos tipo bolsa
  - Antigüedade na empresa.
  - Experiencia laboral.
  - Redución do 100 % das cotas dos traballadores á Seguridade Social durante todo o seu período de formación.

galicia XUNTA DE GALICIA

# O modelo experimental de FP dual en Galicia

## Estrutura dos proxectos

galicia XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Estrutura

- Os proxectos de FP dual estruturan:
  - Formación curricular.
    - Centro educativo.
    - Empresa.
  - Traballo ou actividade profesionalizadora.
  - Formación complementaria.



# FP dual en Galicia
## Estrutura

### Formación curricular

- Duración ciclo formativo: 2.000 horas.
  - Formación en centros de traballo/Proxecto: 410 horas.
    - FCT: eximible á finalización do proxecto de FP dual.
  - Formación curricular: 1.590 horas.
    - Formación en centro educativo (FCE)
      - Docentes centro educativo
    - Formación en empresa (FEM)
      - Correspóndese cos criterios de avaliación máis prácticos do currículo de cada módulo profesional.
      - Expertos empresa.

# FP dual en Galicia
## Estrutura

| Duración proxecto: 3 anos | | Temporalización anual |
|---|---|---|
| **Ciclo Formativo** 2.000 h | **Formación en empresa** 660 h (33 %) | **Formación en empresa** 220 h (33 %) |
| | **Formación en centro educativo** 1.340 h (67 %) | **Formación en centro educativo** 447 h (67 %) |

| FP dual | | | 1º ano | 2º ano | 3º ano | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Formación curricular** | Centro educativo | Formación centro educativo (FCE) (66 %) | 447 | 447 | 446 | 1.340 |
| | Empresa | Formación en empresa (FEM) (34 %) | 220 | 220 | 220 | 660 |
| | | **Total** | **667** | **667** | **664** | **2.000** |



# FP dual en Galicia
## Estrutura

### Duración total do proxecto

- Partindo da xornada laboral da empresa, por exemplo 1800 horas/ano.
  - Duración do proxecto (3 anos) 5.400 horas.
    - Formación curricular: 2000 horas.
    - Actividade profesionalizadora / formación complementaria: 3.400 horas.

| **Duración do proxecto** (3 anos) | |
|---|---|
| **FP dual** (5.400 h) | **Formación curricular** (2.000 h) |
| | **Actividade profesionalizadora / formación complementaria** (3.400 h) |

# FP dual en Galicia

## Estrutura

### Estadía na empresa

- Duración do proxecto (3 anos) 5.400 horas.
  - Formación curricular no centro educativo (1.340 h)
  - Estadía na empresa (4.060 h):
    - 660 horas formación curricular (FEM).
    - 3.400 horas actividade profesionalizadora / formación complementaria.

# FP dual en Galicia

## Estrutura

### Estadía na empresa

| Duración proxecto | | Temporalización anual (3 anos) |
|---|---|---|
| **Estadía na empresa** 4.060 h | **Formación curricular en Empresa** 660 h (16,26 %) | **FEM** 220 h (16,26 %) |
| | **Actividade profesionalizadora / Formación complementaria** 3.400 h (83,74 %) | **AP / FCO** 1.133 h (83,74 %) |

| FP dual | | 1º ano | 2º ano | 3º ano | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Estadía na empresa | Formación en empresa (16%) (16%) (16%) | 220 h | 220 h | 220 h | 660 h |
| | Actividade profesionalizadora (74%)(79%)(84%) | 998 h | 1.065 h | 1.134 h | 3.197 h |
| | Formación complementaria (10%)(5%)(0%) | 135 h | 68 h | - | 203 h |
| | **Total** | **1.353** | **1.353** | **1.354** | **4.060** |

# FP dual en Galicia
## Estrutura

### Estadía na empresa

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º ano | FEM 220 h (16%) | AP 998 h (74%) | FCO 135 h (10%) |
| 2º ano | FEM 220 h (16%) | AP 1.065 h (79%) | FCO 68 h (5%) |
| 2º ano | FEM 220 h (16%) | AP 1.134 h (84%) | |

galicia

XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Estrutura

### Distribución global do proxecto

- Formación curricular: 2.000 horas
  - 1.340 horas no centro educativo (FCE).
  - 660 horas na empresa (FEM).
- Actividade profesionalizadora / formación complementaria: 3.400 horas.
  - Inclúe porcentaxe variable de formación complementaria.

| Duración do proxecto (3 anos) | | | |
|---|---|---|---|
| FP dual (5.400 h) | Formación curricular (2.000 h) | Centro educativo (1.340 h) | Centro educativo (1.340 h) (25 %) |
| | | Empresa (660 h) | Empresa (4.060 h) (75 %) |
| | Actividade profesionalizadora / formación complementaria (3.400 h) | Empresa (3.400 h) | |

galicia

XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Estrutura

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1º ano | **FCE** 447 h | **FEM** 220 h | **AP** 998 h | **FCO** 135 h |
| 2º ano | **FCE** 447 h | **FEM** 220 h | **AP** 1.065 h | **FCO** 68 h |
| 3º ano | **FCE** 446 h | **FEM** 220 h | **AP** 1.134 h | |

| **FP dual** | | | **1º ano** | **2º ano** | **3º ano** | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Formación curricular** | Centro educativo | Formación en centro educativo | 447 h | 447 h | 446 h | 1.340 h |
| | Empresa | Formación en empresa | 220 h | 220 h | 220 h | 660 h |
| **Actividade profesionalizadora / formación en empresa** | Empresa | Actividade profesionalizadora | 998 h | 1.065 h | 1.134 h | 3.197 h |
| | | Formación complementaria | 135 h | 68 h | - | 203 h |
| **Total** | | | **1.800 h** | **1.800 h** | **1.800 h** | **5.400 h** |

galicia XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Estrutura: distribución anual

- Opción 1: estendida
  - O alumnado realizará a formación en centro educativo de setembro a xuño.
    - No horario lectivo que se estableza.
  - Durante todo o ano, o alumnado desenvolverá a actividade profesionalizadora e a formación na empresa.
    - No marco temporal do horario laboral da empresa.




galicia XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Estrutura: distribución anual

- Opción 2: concentrada
  - De setembro a decembro: o alumnado realizará a formación en centro educativo.
    - No horario lectivo que se estableza.
  - De xaneiro a setembro: estadía na empresa.
    - O alumnado cumprirá o horario laboral da empresa.
    - Seguimento quincenal de ata tres horas no centro educativo.

| Set. | Out. | Nov. | Dec. | Xan. | Feb. | Mar. | Abr. | Maio | Xuño | Xullo | Ago. | Set. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Formación no centro educativo | | | Traballo / formación na empresa | | | | | | | | |

# FP dual en Galicia
## Estrutura: distribución anual

- Opción 3: combinada
  - Primeiro ano

| Set. | Out. | Nov. | Dec. | Xan. | Feb. | Mar. | Abr. | Maio | Xuño | Xullo | Ago. | Set. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Formación no centro educativo | | | Traballo / formación na empresa | | | | | | | | |

  - Segundo e terceiro ano

| Set. | Out. | Nov. | Dec. | Xan. | Feb. | Mar. | Abr. | Maio | Xuño | Xullo | Ago. | Set. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Formación no centro educativo | | | | | | | | | | | |
| | Actividade profesionalizadora / formación na empresa | | | | | | | | | | | |

# O modelo experimental de FP dual en Galicia

**Programa formativo / programación**

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
Programa formativo

- O centro educativo e a empresa colaborarán no deseño do plan formativo de cada un dos módulos do ciclo.
  - Establecendo, para cada caso, os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación que o alumnado adquirirá na empresa e os que adquirirá no centro educativo. (ver modelo de programa formativo)

galicia

XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Programa formativo

| Criterios de avaliación e contidos que poden ser asumidos pola empresa | SI | En parte | NON |
|---|---|---|---|
| **RA1. Aplica sistemas de xestión de calidade na industria química, e recoñece a súa estrutura organizativa e funcional.** | | | |
| ▪CA1.1. Recoñeceuse a estrutura organizativa e produtiva da industria química. | | | |
| ▪CA1.2. Analizouse a situación xeográfica das industrias químicas no contexto estatal, europeo e mundial. | | | |
| ▪CA1.3. Analizáronse os procesos de fabricación dos principais subsectores da produción química industrial. | | | |
| ▪CA1.4. Relacionáronse as características dos produtos intermedios e finais da industria química coas súas materias primas. | | | |
| ▪CA1.5. Identificáronse as características e as diferenzas entre proceso continuo e descontinuo, así como as súas aplicacións. | | | |



# FP dual en Galicia
## Programación

- Para a modalidade de FP dual, a normativa establece, igual que para as demáis, a necesidade de planificar e concretar o proceso de ensino dos elementos curriculares a través da programación.
  - O **Decreto 114/2010** establece no seu artigo 34º os elementos que debe conter unha programación.
  - A **Orde do 12 de xullo de 2011** establece no seu artigo 23º que se organizarán en **unidades didácticas**.
  - A **Orde do 7 de xuño de 2016** establece na aliña 3 do artigo 9º que se debe empregar a **aplicación informática web de programacións.**

## FP dual en Galicia
### Programación

- Nesta modalidade, a primeira unidade didáctica da programación deberáse titular “**Formación en empresa.**”.

- Nesta **UD** agruparánse os elementos curriculares que o alumnado adquirirá total ou parcialmente na empresa.

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
### Programación: unidade didáctica

- A descrición correspondente a esta unidade didáctica será “Formación curricular que se adquirirá na empresa”.
- A **duración** desta unidade didáctica será a que se establece no **convenio** subscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coas empresas colaboradoras para cada módulo.
- As UD do resto do módulo desenvolveránse do meismo xeito que no resto das ensinanzas de formación profesional.

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
### Programación: actividade

- Na "UD 1. Formación en empresa" crearase a súa vez unha única **actividade** titulada "**Actividades que se desenvolverán na empresa**".
- A descrición desta actividade será "**Formación curricular que se adquirirá na empresa**".
- O **obxectivo específico** desta actividade será "**Interpretar aspectos relacionados con … (+ *nome do módulo)***".

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
### Programación: actividade

- Cada criterio de avaliación deberá:
  - Ter asignado un instrumento de avaliación.
  - Ter definido si é mínimo exixible ou non.
  - Ter definido o seu peso na cualificación.
- As actividades do resto de UD desenvolveránse do meismo xeito que no resto das ensinanzas de formación profesional.

galicia

XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia
## Avaliación

- A avaliación do alumnado será responsabilidade do profesorado dos módulos profesionais do centro educativo.
- Para a avaliación, o profesorado terá en conta as achegas das persoas expertas da empresa e o resultado das actividades desenvolvidas nela.



# FP dual en Galicia
## Avaliación

- A avaliación de final de módulos de cada ano do proxecto corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos realizados no centro educativo e na empresa.
- O alumnado que superase todos os módulos profesionais do ciclo formativo correspondente que compoñen o proxecto quedará exento da realización do módulo de formación en centros de traballo.

## FP dual en Galicia
Continuidade no proxecto

- Para poder continuar no proxecto, o alumnado seleccionado deberá superar a totalidade dos módulos profesionais previstos para cada curso académico segundo o plan de formación establecido.

galicia

XUNTA DE GALICIA

## FP dual en Galicia
Exclusión do proxecto

- o alumnado será excluído do proxecto de formación dual nos seguintes casos:
  - Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
  - Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.
  - Para o alumnado con contrato de formación e aprendizaxe, pola extinción do contrato por calquera das causas que se establecen no artigo 13 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.

galicia

XUNTA DE GALICIA

# O modelo experimental de FP dual en Galicia

## Proxecto de mostra

galicia

XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia

## Exemplo: laboratorio de análise e control de calidade

- Realizado en convenio con varias empresas
  - **Orde do 11 de xuño de 2016** pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.
  - **Orde do 11 de agosto de 2016** pola que se amplían os proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades, autorizados pola Orde do 6 de xuño de 2016.
  - **Convenio** entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa "Corporación Laber, laboratorio y consultoría, S.L. para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas (Asinado 22/07/2016)

galicia

XUNTA DE GALICIA

# FP dual en Galicia

## Exemplo: laboratorio de análise e control de calidade

**Curso 2016–2017**

| Código | Nome do módulo | Horas módulo | Horas centro educativo | Horas empresa |
|---|---|---|---|---|
| MP0065 | Mostraxe e preparación da mostra | 213 | 128 | 85 |
| MP0066 | Análises químicas | 320 | 192 | 128 |
| MP0070 | Ensaios microbiolóxicos | 160 | 96 | 64 |
| **Total** | | **693** | **416** | **277** |




# FP dual en Galicia

## Exemplo: laboratorio de análise e control de calidade

**Curso 2017–2018**

| Código | Nome do módulo | Horas módulo | Horas centro educativo | Horas empresa |
|---|---|---|---|---|
| MP0069 | Ensaios fisicoquímicos | 160 | 160 | 0 |
| MP0074 | Formación e orientación laboral | 107 | 107 | 0 |
| MP0067 | Análise instrumental | 226 | 136 | 90 |
| **Total** | | **493** | **403** | **90** |



# FP dual en Galicia

## Exemplo: laboratorio de análise e control de calidade

**Curso 2018–2019**

| Código | Nome do módulo | Horas módulo | Horas centro educativo | Horas empresa |
|---|---|---|---|---|
| MP0068 | Ensaios físicos | 123 | 123 | 0 |
| MP0071 | Ensaios bitecnolóxicos | 105 | 75 | 30 |
| MP0072 | Calidade e seguridade no laboratorio | 123 | 78 | 45 |
| MP0075 | Empresa e iniciativa emprendedora | 53 | 53 | 0 |
| **Total** | | **404** | **329** | **75** |




galicia

XUNTA DE GALICIA

# Grazas

pola súa atención

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

galicia

XUNTA DE GALICIA